

**I. DISPOSICIÓN XERAIS****CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA  
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

*Decreto 321/1999, do 16 de decembro, polo que se asumen funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia mediante o Real decreto 1748/1999, do 19 de novembro, en materia de mediadores de seguros e se lle asignan á Consellería de Economía e Facenda.*

A Lei orgánica 6/1999, do 6 de abril, transferiu, de acordo co previsto no artigo 150.2º da Constitución, diversas competencias de titularidade estatal á Comunidade Autónoma galega, coa finalidade de que esta complete as competencias que pode exercer, equiparándoa a outras comunidades autónomas.

En aplicación do previsto no artigo 8 da citada lei orgánica, por medio do Real decreto 1748/1999, do 19 de novembro, traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración xeral do Estado en materia de mediadores de seguros.

Resulta, pois, conveniente asumir de forma expresa tales funcións e servizos, que se relacionan no antedito real decreto, nos termos e condicións acordados pola Comisión Mixta de Transferencias prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia, e asignárllelos ós órganos correspondentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

En virtude do exposto, e en exercicio da potestade de autoorganización prevista no artigo 39 do Estatuto de autonomía, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezaseis de decembro de mil novecentos noventa e nove,

**DISPOÑO:****Artigo 1º**

Asúmense as funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do Real decreto 1748/1999, do 19 de novembro, en materia de mediadores de seguros, así como os medios orzamentarios a eles adscritos, nos termos e condicións sinalados no acordo adoptado pola Comisión Mixta de Transferencias na súa reunión do 8 de outubro de 1999, publicado como anexo do citado real decreto.

**Artigo 2º**

As funcións e servizos asumidos de conformidade co disposto no artigo anterior, así como os créditos orzamentarios a eles adscritos, asígnanselle á Consellería de Economía e Facenda.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-O conselleiro de Economía e Facenda dictará as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezaseis de decembro de mil novecentos noventa e nove.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Jaime Pita Varela

Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

*Decreto 322/1999, do 16 de decembro, de asunción da ampliación de medios da Administración do Estado, realizada polo Real decreto 1751/1999, do 19 de novembro, adscritos ós servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación, e a súa asignación á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.*

Polo Real decreto 1751/1999, do 19 de novembro, ampliáanse os medios da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.

Procede, en virtude do citado traspaso, asumir de forma expresa a devandita ampliación de medios, nos termos e condicións especificadas no acordo da Comisión Mixta de Transferencias e asignala ós órganos correspondentes da Administración autonómica galega.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezaseis de decembro de mil novecentos noventa e nove,

**DISPOÑO:****Artigo 1º**

Queda asumida a ampliación de medios da Administración do Estado realizada polo Real decreto 1751/1999, do 19 de novembro, adscritos ós servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación, nos termos e condicións especificados no acordo da Comisión Mixta de Transferencias publicado como anexo ó dito real decreto.

**Artigo 2º**

1. Asígnaselle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a ampliación de medios asumida de conformidade co disposto no artigo anterior.

2. Os órganos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria exercerán as atribucións que lles correspondan conforme as normas que regulan a súa estrutura.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, para dictar cantas dispo-